

O Acordo do Consello de Goberno de 5 de xullo de 2016, modificado o 12 de maio de 2017 e modificado novamente polo mesmo órgano o día 10 de xullo de 2018, sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao, ao abeiro do artigo 10.9.c) do Real Decreto 822/2021, recolle no punto 3.1 que a actividade físico deportiva do alumnado, supervisada pola Área Deportiva da Universidade de Santiago de Compostela (USC), poderá ser recoñecida como créditos nas titulacións de grao.

No referente ao recoñecemento das actividades físico deportivas dirixidas da USC, polas características particulares das mesmas, faise necesario determinar cales destas serán consideradas para o recoñecemento de créditos, así como os requisitos e condicións para a súa obtención.

Á vista da proposta da Área Deportiva (AD), cómpre facer a convocatoria das Escolas Físico Deportivas que se desenvolverán durante o curso 2024-25 é por iso que,

esta Reitoría **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- ESCOLAS FÍSICO DEPORTIVAS

1.1.- As Escolas Físico Deportivas consideradas para o recoñecemento de créditos no curso 2024-25 son as que figuran no Anexo da presente resolución.

1.2.- A AD concretará, na publicación das convocatorias de matrícula de cada escola, a oferta de prazas por campus, os períodos de desenvolvemento, o prazo de inscrición, o número de créditos recoñecibles e a asistencia mínima que deberá acreditarse para obtelos.

1.3.- O recoñecemento farase por un número enteiro de créditos entre 1 e 4 en función das horas clase, de xeito que en ningún suposto se recoñecerán fraccións de crédito sexa cal sexa o número de horas ou sesións.

1.4.- Os diferentes niveis dunha mesma escola consideraranse separadamente, requiríndose en cada un deles o número de asistencias que indique a convocatoria. A asistencia simultánea a máis dun grupo do mesmo nivel, dentro dunha mesma escola, non terá carácter sumatorio a efectos do recoñecemento.

SEGUNDO.- REQUISITOS

Para a obtención de créditos pola participación no programa de Escolas Físico Deportivas da USC o alumnado de grao desta Universidade deberá:

- Figurar matriculado na escola físico deportiva concreta da que se solicitará o recoñecemento. Na escola de Sendeirismo será necesario estar inscrito nun mínimo de 6 rutas de 1 día.
- Solicitar, a través da súa [conta de persoa usuaria da AD](#), a incorporación ao programa de recoñecemento de créditos. **Dita solicitude realizárase exclusivamente unha vez rematada a devandita escola**, agás casos excepcionais para os que se deberá contactar coa AD a través do correo electrónico deporsec@usc.es.
- Acreditar unha asistencia mínima do 75% do total de horas impartidas e de 25 horas por cada crédito do que se solicite recoñecemento. Na escola de Sendeirismo deberán acreditarse 6 rutas de 1 día. Ademais o alumnado deberá ser avaliado positivamente.

O control de asistencia e a avaliación do alumnado realizarase a partir do inicio das clases.

TERCEIRO.- RECOÑECIMENTO

Finalizadas as clases, comprobada a asistencia e de non constar avaliación negativa por parte dos responsables, a Dirección da AD elevará ao delegado do reitor para o Deporte, para a súa sinatura, a certificación de recoñecemento dos créditos. O alumnado, en caso de querer incluír os créditos recoñecidos no seu expediente, deberá solicitálo a través da [sede electrónica](#), achegando a devandita acreditación, á Unidade de Xestión Académica correspondente.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O REITOR,

(P.D. de sinatura do reitor, R.R. 29 de xuño de 2022)

ANEXO

ESCOLAS PREVISTAS NOS CAMPUS DE SANTIAGO e/ou LUGO
ACTIVIDADES ACUÁTICAS (AQUAGYM, NATACIÓN, NATACION TERAPÉUTICA)
ATLETISMO
AUTODEFENSA
BALONMÁN
FÚTBOL SALA FEMININO
GLÚTEOS, ABDOMINAIS, PERNAS (GAP) e GAP + TONO
HIIT
IOGA
JUDO SAÚDE
KARATE
KUNG-FU
MANTEMENTO, AERÓBIC, STEP (MAS)
MEDITACIÓN
PILATES
SENDEIRISMO
STEP
TAEKWONDO
TAI CHI – CHI KUNG
TENIS
VOLEIBOL
XADREZ
XIMNASIA DE MANTEMENTO
XIMNASIA TERAPÉUTICA
ZUMBA